UNIVERSIDADE DA CORUÑA

# T+CE

Programa de Simultaneidade

Grao en Turismo + Grao en Ciencias Empresariais

# TURIS
# MO
# CIEN
# CIAS
# EMPRE
# SARIAIS

SAPE (Servizo de Asesoramento e Promoción do Estudante)
www.udc.es/sape

Facultade de Economía e Empresa
www.economicas.udc.es

Escola Universitaria de Turismo
www.cenp.com/website/turismogalicia.htm

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

www.udc.es

## Programa de Simultaneidade

# Grao en Turismo + Grao en Ciencias Empresariais

A Universidade da Coruña, no seu obxectivo de ofrecer alternativas de formación que melloren a oferta dispoñible, posibilita que un estudante poida cursar de forma simultánea os estudos de Grao en Turismo e Grao en Ciencias Empresariais.

### Titulacións que se obterán

Os/as alumnos/as que superaren este programa de Simultaneidade grao en Turismo – grao en Ciencias Empresariais obterán os dous títulos oficiais de Graduado/a en Turismo pola UDC e Graduado/a en Ciencias Empresariais pola UDC.

### Duración do programa

Terá unha duración de dez cuadrimestres, en 5 cursos académicos. O número de créditos necesario para superar o programa será de 354 ECTS, distribuídos da forma que se indica no ANEXO I.

### Centro onde se imparte

Facultade de Economía e Empresa. Campus de Elviña - 15071. A Coruña. 981 1670 000
www.economicas.udc.es
Escola Universitaria de Turismo Campus de Riazor. Avda. da Habana 6-7 - 15011. A Coruña. 981 160 276
www.cenpcoruna.com www.cenp.com/website/turismogalicia.htm

### Número de estudantes

Para o curso académico 2012/2013 ofértanse 30 prazas. No sucesivo, o límite será o que oportunamente aprobe o Consello de Goberno da UDC.

### Admisión de estudantes

A solicitude de admisión para cursar a simultaneidade de graos CC.Empresarias – Turismo realizarase polo mesmo procedemento que para o resto das titulacións ofertadas pola Universidade da Coruña.

### Anexo I

#### PRIMEIRO CURSO

| Materia | Créditos ECTS | Tipo |
|---|---|---|
| **1º cuadrimestre** | | |
| Introdución ao Dereito | 6 | B |
| Principios de Microeconomía | 6 | B |
| Economía da Empresa: Función Organizativa | 6 | B |
| Matemáticas I | 6 | B |
| Economía da Empresa: Función Financeira | 6 | B |
| Historia da Empresa | 6 | B |
| **2º cuadrimestre** | | |
| Xeografía Turística | 6 | B |
| Técnicas de Comunicación e de Promoción Turísticas | 6 | B |
| Idioma Moderno: Inglés | 6 | B |
| Patrimonio Cultural | 6 | B |
| Informática de Xestión e do Coñecemento | 6 | B |
| Introdución ao Turismo | 6 | O |

#### SEGUNDO CURSO

| Materia | Créditos ECTS | Tipo |
|---|---|---|
| **1º cuadrimestre** | | |
| Dereito Mercantil | 6 | O |
| Estatística I | 6 | B |
| Matemáticas II | 6 | B |
| Análise das Operacións Financeiras | 6 | O |
| Macroeconomía | 6 | B |
| Informática Aplicada á Empresa | 6 | O |
| **2º cuadrimestre** | | |
| Intermediación Turística e Transporte I | 6 | O |
| Aloxamentos e Restauración I | 6 | O |
| Primeiro Idioma Moderno I | 6 | O |
| Márketing Turístico | 6 | O |
| Socioloxía do Turismo | 6 | B |
| Segundo Idioma Moderno I | 6 | O |

#### TERCEIRO CURSO

| Materia | Créditos ECTS | Tipo |
|---|---|---|
| **1º cuadrimestre** | | |
| Economía Mundial e Española | 6 | O |
| Réxime Fiscal da Empresa I | 6 | O |
| Contabilidade Financeira I | 6 | O |
| Organización de Empresas | 6 | O |
| Bases de Datos para a Empresa | 6 | O |
| Estatística II | 6 | O |
| **2º cuadrimestre** | | |
| Intermediación Turística e Transporte II | 6 | O |
| Aloxamentos e Restauración II | 6 | O |
| As TIC Aplicadas ao Turismo | 6 | O |
| Recursos Territoriais Turísticos | 6 | O |
| Primeiro Idioma Moderno II | 6 | O |
| Segundo Idioma Moderno II | 6 | O |

#### CUARTO CURSO

| Materia | Créditos ECTS | Tipo |
|---|---|---|
| **1º cuadrimestre** | | |
| Dirección Financeira I | 6 | O |
| Contabilidade Financeira II | 6 | O |
| Réxime Fiscal da Empresa II | 6 | O |
| Dereito do Traballo e da Seguridade Social | 6 | O |
| Contabilidade de Custos | 6 | O |
| Introdución á Econometría | 6 | O |
| **2º cuadrimestre** | | |
| Comercialización de Produtos Turísticos | 6 | O |
| Xestión Pública do Turismo | 6 | O |
| Xestión de Calidade | 6 | O |
| Xestión Turística do Patrimonio | 6 | O |
| Segundo Idioma Moderno III | 6 | O |

#### QUINTO CURSO

| Materia | Créditos ECTS | Tipo |
|---|---|---|
| **1º cuadrimestre** | | |
| Dirección Financeira II | 6 | O |
| Réxime Fiscal da Empresa III | 6 | O |
| Sistema Financeiro Español | 6 | O |
| Contabilidade de Sociedades | 6 | O |
| Análise de Estados Financeiros | 6 | O |
| Traballo Fin de Grao | 12 | O |
| **2º cuadrimestre** | | |
| Traballo Fin de Grao | 6 | O |
| Prácticas en Empresas | 24 | O |

**Saídas profesionais**

Estes estudos habilitan para desenvolver responsabilidades de xestión e planificación no ámbito empresarial, nomeadamente no sector turístico

**Dez razóns para cursares a simultaneidade de graos Ciencias Empresariais – Turismo:**

1 Aprenderás o importante
2 En dous centros con vocación internacional: A Facultade de Economía e Empresa e a Escola Universitaria de Turismo da Coruña – Centro Español de Nuevas Profesiones.
3 Facilitaráseche a inserción laboral a través de prácticas especializadas en empresas do sector turístico e institucións colaboradoras co obxecto de proporcionar experiencias o máis próximas á túa futura vida laboral.
4 Porque falar idiomas conta.
5 Contamos con profesorado de experiencia docente, investigadora e profesional contrastada.
6 Aulas non masificadas.
7 Traballamos no pulo das competencias profesionais necesarias para o teu desenvolvemento como graduado tanto en Ciencias Empresariais como en Turismo.
8 Non xogas todo a unha carta porque hai un sistema de avaliación integral e continua que contempla diferentes aspectos da docencia.
9 A formación académica desenvólvese coas tecnoloxías da información e das comunicacións necesarias para o teu desempeño profesional.
10 Un sistema de apoio personalizado.